



PICO SACRO
ESPAZO XACOBEO

A TRANSLATIO



O Códice Calixtino actualmente custodiado no Arquivo Bibliotecario da Catedral de Santiago de Compostela, recolle no Libro II de Santiago, a Lenda da Raíña Lupa no Pico Sacro, é dicir, a lenda da *translación* do corpo do Apóstolo. Esta lenda relata o seu paso polo Pico Sacro e os máxicos acontecementos que alí tiveron lugar.

TRANSLATIO DO APÓSTOLO- LENDA DA RAÍÑA LUPA

No Códice Calixtino, sobre a translación do corpo do Apóstolo, recolle que Santiago o Zebedeo foi decapitado en Xerusalén (42 dc.), os seus discípulos Atanasio e Teodoro rouban o seu corpo e fuxen nunha barca de pedra guiada por Deus ós confíns da Terra. Chegan a Duio onde son apresados polo Rei, escapan con axuda divina e son perseguidos. Recorren á Raíña Lupa para que lles facilite un carro e uns bois para o traslado do corpo ata o Campo das Estrelas. A Raíña Lupa mandounos ó Pico Sacro coa esperanza que o dragón e os touros bravos os aniquilaran, pero a punto de morrer fixeron o sinal da cruz, os bois morreron e os touros amansaron. Así a Raíña Lupa e os seus vasalos convertíronse ó cristianismo e ela cedeu o terreo para o enterramento en Santiago no “bosque do Libredón” onde nacerá a cidade de Santiago de



RAÍÑA LUPA

No Códice Calixtino, a Raíña Lupa ven caracterizada como unha figura feminina vestida con traxes latinos, chámasele “matrona”, nacida de nobilísima estirpe.

Esta figura ten atributos de mora, as moras galegas son mulleres encantadas de enorme fermosura, co cabelo roxo, loiro e a pel branca con fazulas rosadas. Son mulleres moi laboriosas e tamén gardan os tesouros.

A maior parte dos investigadores opinan que Lupa é un personaxe mítico pero hai estudos que fan referencia a súa posible existencia.

LENDAS E MITOS DO PICO

Lenda “a cova da curuxa”, ven dunha crónica medieval. Álvarez Pérez Moscoso decidiu explorar a cova da Coruxa. Adentrouse na caverna con trinta escudeiros armados e provistos de teas encendidas. No interior atoparon enormes paxaros que lles daban golpes na cara e chegaron a un gran río dende onde viron xentes estrañas ricamente vestidas con grandes tesouros. O frade incitábaos a seguir pero eles, por medo non se atreveron a cruzar o río. Entón apareceu un gran aire que apagou as teas e cando lograron saír, ó pouco tempo, acabaron por morrer todos e o frade quedou cego.

Santiago e as serpes. Na cova do Pico había unha grande serpe que impedía o paso, os que se achegaban entráballes o demo no corpo e botaban espuma pola boca. O apóstolo farto de tanta maldade matou cunha espada de lume a serpe e dos tres ovos que criaba saíron tres lagartos que se foron esconder á cova. Dende entón as xentes do lugar botan pedras na cova para matalos bichos.

O palacio da Raíña Lupa. Unha das historias que se contan é que baixo as covas do Pico Sacro estaba o palacio no que residía a Raíña Lupa. Nestes contos aparece descrita como unha moura de extraordinaria beleza, con poderes máxicos que aparece moitas veces fiando con fuso e roca.